416/2020	14/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 15/2020
417/2020	14/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 16/2020
418/2020	14/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 17/2020
419/2020	14/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 18/2020
420/2020	15/09/2020	ASUNTO: APROBACIÓN CERTIFICACIÓN PRIMEIRA DA OBRA MELLORA DA SEGURANZA VIARIA EN ESTRADA MUNICIPAL NO TREITO DO LUGAR DO PENEDO AO LUGAR DE LAVANDEIRA.(FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. CONVOCATORIA, RESOLUCIÓN 19-12-2019; OUTORGAMENTO, RESOLUCIÓN 29-06-2020)
421/2020	15/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE DE LIMPIEZA DE PREDIOS 75/2020
422/2020	16/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 19/2020
423/2020	16/09/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO 4/2020 , ORDINARIA, 21-9-2020
424/2020	16/09/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11/2020, ORDINARIA, 17 DE SETEMBRO DE 2020
425/2020	16/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 20/2020
426/2020	16/09/2020	ASUNTO: EXPEDIENTE FORESTALES 21/2020
427/2020	16/09/2020	ASUNTO: MODIFICACIÓN DA HORA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 11/2020, ORDINARIA, 17 DE SETEMBRO DE 2020 (9:00 EN LUGAR DE 13:00)
428/2020	21/09/2020	ASUNTO: CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO 6/2020 , ORDINARIA, 24 DE SETEMBRO DE 2020



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


5.-MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que ningún señor voceiro de ningún grupo municipal indica que si, non se procede de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF.

6.-ROGOS E PREGUNTAS.

6.1.-Rogos e preguntas da concelleira non adscrita, Duarte Gerpe.

A concelleira Duarte Gerpe manifesta que hai que xustificar a que viñeron pois, na súa opinión, se non dirán que é só para cobrar os cartos. Opina que é un pouco vergoñento, tras dous meses, convocar unha comisión informativa e un pleno só co punto dos festivos, tendo en conta que, dende marzo, houbo outras sesións que non se convocaron. Opina que a xestión política municipal é do peor en anos, e indica que poden preguntar aos membros do PSOE se en 16 anos houbo algunha vez un pleno con so este punto. Considera que non están os deberes feitos dende o punto de vista administrativo, e seguen sen facerse os pregos do SAF, aínda que dicían que estarían en dous ou catro meses. Engade que o goberno anterior deixou todas as alegacións ao PXOM e que seguen sen resolvelas. Manifesta que non sabe de quen é a culpa, mais coida que é do equipo de goberno, pois haiu sete persoas cobrando e, na súa opinión, non hai nada que debatir, nada que contratar, e "*as obras están pendentes de contratación*". Pregúntase a que esperan, pois a Intervención fai reparos por estar pendente de contratación a limpeza de vías e xardíns, ou o centro deportivo. Pregúntase se quizais é responsabilidade do Secretario, da Xurídica ou da Interventora do Concello e se estiveron durante a corentena sen facer nada. Engade que aos veciños só os atenden por teléfono e que o uso dos baños está prohibido ao público, e que "*parece que é a casa deles*". Considera que deberían empezar a analizarse eles mesmos e o PSOE, que lles deu o apoio para cobrar as súas nóminas. Indica que sabe que lles molesta, mais manifesta que "*están todos os veciños rebotados*". Opina que teñen que estar escondidos coas máscaras porque non se sabe que están a facer. Pregúntase se este equipo de goberno, como preguntaba o señor Couto ao PP, vai facer algo algún día polo roteiro da Costa da Égoa, e coida que é unha vergoña poñer na web que está en obras, mentres a xente pérdese e non sabe como ir ao roteiro, pois os sinais están tirados na beiravía dende hai máis dun ano. Engade que hai tamén un roteiro dos Mártires e que está moi ben a varanda, mais pregúntase se non hai unha estaca nova para o cartaz. Manifesta que nin vai preguntar polo roteiro de San Vicente porque opina que está abandonado e non saben nin onde está. Pregúntase se teñen pensado limpar de maleza a estrada que vai ao Xalo onde hai cinco anos houbo un accidente de rally. Lembra que pediu que se levase un centro de flores no día do cabodano e considera penoso que non o fixesen este ano. Opina que durante a corentena o señor Alcalde levou flores ao monumento dos Mártires "*cun exército de escolta*", mais alí non o fixeron por respecto ás familias e tamén aos concelleiros. Di que tamén pediu rozar, mais prantáronse eucaliptos na parte de




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

abaixo, o que considera vergoñento para a xente que sente algo. Opina que se vivisen o que ela viviu terían máis delicadeza. Pregunta que convenio hai para facer unha obra nunha propiedade privada na Costa do Pincho e se hai cartos. Engade que fará un escrito cunha solicitude para que se limpe con voluntarios que desexan ter tal terreo en condicións para as familias e indica que xa o pregou tres veces. Opina que parece que lles molesta que se comprase ese terreo e indica que, se o Concello non é capaz de rozar unha parcela súa, ela ten xente, tractores e persoal para facelo gratis baixo a súa responsabilidade. Manifesta, por outra banda, que non sabe que fai o señor Couto no Concello, e pide que xestione coa Deputación que fagan a recollida de pluviais na estrada Quembre-Barcia, pois dende Vilasuso está feito polo anterior goberno municipal. Opina que deben ter consideración á xente maior que non ve. Pregúntase cando se vai modificar a ponte da estrada de Quembre e, en canto aos pasos de peóns, lembra que se fixo un na N-550 e o resto están pendentes. Considera que fixeron un “*experimento*” no Eroski, mais opina que está mellor o que fixo o anterior equipo de goberno, e pide que se “*quite a contratación*” os que faltan e non os modifiquen máis. Opina que foron pioneiros ao instalar o paso que se encende no intre de cruzar. Opina que é unha vergoña que tras un ano e medio non estean feitos, e que logo vendan a noticia. Pregúntase se algún día se aprobará o PXOM. Considera que “*todo está pendente de contratación*” e pregúntase “*que fai o secretario do Concello, pois está sempre á última porque lle veñen os contratos encima*”. Pregunta se pediron algunha subvención e que teñen pensado facer nas casas dos mestres, “*por darlle algo de contido a este pleno*”. Pregunta se empezaron as actividades deportivas, mantendo as distancias, pois “*parece que non saíron da corentena*”. Pregúntase se se vai facer algunha actividade no colexio e se a nova normalidade é non facer nada neste Concello. Pregúntase por que van cinco persoas distintas de axuda no fogar nun mes, e considera que hai xente “*sen darlle en ano e medio axuda no fogar*” e que parece “*que están esperando a que morra a xente*”. Engade que algunhas persoas xestionaron o comedor sobre rodas e teleasistencia porque leván dous anos esperando pola axuda no fogar. Manifesta que ela deixou “*o prego do SAF hai dous anos e medio metido por rexistro e que alguén terá que poñerllo ao secretario diante dos ollos se non o ve*”, ou pregúntase se están a facer un favor á “*empresa ponte*” por ser un amigo. Considera que o equipo de goberno debe xustificar os seus soldos e opina que, se marchasen, non se sabería que estiveron aquí pois, na súa opinión “*non chegan á xente*”. Pregunta ao señor Alcalde se é capaz de falar con ela normalmente, e por que non lle dixoque dende unha data non ía recibir chamadas do 112 coma Presidenta da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. Opina que non foi capaz de decirllo, mais que tampouco el recibe esas chamadas.

O señor Alcalde replica que si, e que este domingo pasado aínda recibiu unha do Xalo ás doce e media, pois chamárona a ela e non colleu; engade que está gravado e que tiñan dous números en reserva aos que chamaron e non colleron, e por iso recibiu a el. A concelleira Duarte indica que o primeiro era o seu, o segundo o do coordinador “*David*”, e o terceiro o do Alcalde. Considera que hai tres meses se puxo coma primeiro o do concelleiro de Protección Civil e que, se alguén usa a sinatura do Alcalde, “*ten que velo*”. Opina que ten que saber quen o puxo e que “*non son valentes para decirllo*”, e pregunta se non é o Alcalde quen asina os papeis. Considera que non son capaces de falar con eles, pois di que chegaron dous correos avisando de que estaba devolto o recibo do seguro de Protección Civil e ninguén llo dixo, senón que chamaron ao seguro e dixeron que non podían dar o teléfono por porteción de datos. Engade que, mentres ela sexa Presidenta de Protección Civil, o seguro estará pagado e os voluntarios asegurados e, cando non, pagarán os voluntarios sen interese. Coida que o equipo de goberno é incapaz de falar con ninguén da Corporación. Pregúntase que sacaron estes meses para os autónomos ou que iniciativas adoptaron fronte á COVID, e lembra a campaña de comercio que obrigou aos participantes a ir cuñando dun comercio a outro. Pregúntase cantas papeletas se tiraron. Engade que entende que se promocióne o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

comercio de Carral, mais opina que haberá outras formas. Manifesta que se cobrou “a rodaxe” a todos, independentemente de se están en paro ou en ERTE ou na situación que sexa. Manifesta que ao Concello lle costa moito diñeiro pagar polas asistencias ao Pleno e considera que, mentras ela estivo no equipo de goberno, “sempre traían asuntos que informar”, non coma nesta sesión, á que “so traen as festas laborais”, polo que “non sabe se aplaudir ou chorar”.


O señor Caamaño Rodríguez (grupo municipal da AdV) considera que debeu de quedar claro que o sarxento da Garda Civil deixou a responsabilidade nas súas mans, e que foi el quen cambiou os números de teléfono, ao ser o Concelleiro de Protección Civil. Explica, por outra banda, que o seguro é responsabilidade da presidenta da Asociación de Voluntarios de Protección Civil pagalo, non do Concello. Explica que os titulares do seguro de accidentes son os voluntarios de Protección Civil. Opina que igual non o pagou porque quizais pagaba a “David” e ao concelleiro de obras por retirar os niños de velutinas. Engade que se lle mandou un coreo pedindo un extracto bancario e que non respondeu.

A concelleira Duarte Gerpe opina que o señor Caamaño pode ter moita autoridade, pero que non está por enriba do Alcalde, porque, se non, “lle tiembla a silla”. Opina que “ten moito de listo pero non entende nada”. Reitera que por enriba do Alcalde non está ninguén e indica que o sarxento da Garda Civil lle tería dito que, durante a pandemia, o señor Caamaño non lle collía o teléfono, e indica que foi ela quen falou co sarxento para crear un grupo de whatsapp para actividades. Considera que o sarxento non lle dá poder para cambiar os números comunicados ao 112, e que foi o Alcalde quen faría o escrito ao 112. Considera que ao señor Alcalde tería que darlle vergoña ter “uns concelleiros tan listos que non o informan do que fan”.

O señor Alcalde replica que Duarte dixo que non se lle chamaba a el dende o 112 e reitera que é mentira, pois chamárono o domingo.

A concelleira non adscrita manifesta que o seguro de accidentes o paga a asociación de voluntarios, mais indica que “se o secretario recibe as cartas, non ten dereito a ler os documentos que veñan para a Asociación de Voluntarios de Protección Civil” (AVPC), e que, se lle pasa os extractos bancarios “é para poñerlle unha denuncia”. Engade que a AVPC ten domicilio no Concello e que, se lle dan aos concelleiros todas as cartas dos clubs que teñen domicilio social no Concello, teñen un gran problema de protección de datos. En canto ao que dixo o señor Caamaño sobre que se paga á xente, opina que non ten nin idea do que é unha convocatoria dunha subvención. Opina que ten documentos privados da AVPC e que debe aterse ás consecuencias por iso. Pregunta se quere que lle explique que é a protección de datos e insta ao señor Caamaño a que mire como se xustifican as subvencións e a que lea as convocatorias, pois opina que “está metendo a pata ata o fondo” e que “son mala xente”. O señor Caamaño replica que a concelleira non adscrita dixo que ía xustificar unha subvención, cando en 2019 non houbo ningún parte de retirada de niños de velutina. A concelleira non adscrita dille que lea a convocatoria.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) explica que os cartos que se gastaron en prantar céspede aos que aludiu a concelleira non adscrita, derivan dun convenio co propietario do terreo para a cesión do seu uso ata que se decida asfaltalo, para que sirva coma unha zona de espaxamento provisório, pois coida que é máis barato o céspede que a grava. Engade que o que se gastou foi iso e o bordillo. [A concelleira non adscrita replica que ten fotos de area, grava e de canalización para iluminación]. O señor Couto engade que a actuación foi aplaudida por todo o pobo e que, no tocante á Costa da Égoa,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

era necesario porque había árbores tiradas enriba e limpouse e retirouse a madeira. Recoñece que falta sinalizar os roteiros e arranxar a varanda, mais opina que, lamentablemente, non se pode actuar sobre eses camiños que non están inventariados, xa que os servizos técnicos do Concello consideran que non son municipais. Engade que se está a pedir toda subvención que existe. Explica que lle pediu os proxectos e que lle contou para que, e manifesta que *"non sabe por que monta agora este circo"*. Engade que a concelleira non adscrita dixo que antes se traballaba sobre eses camiños, mais que, lamentablemente, agora non se pode, e explica que sairá o inventariod e camiños a exposición pública e serán públicos. Sobre o PXOM, explica que había que contestar ás alegacións presentadas e adaptalo aos informe sectoriais. Engade que o PSOE leva un ano e un mes encargado disoe que, pese aos seis meses de COVID, o PXOM xa está revisado. Indica que se someterá a exposición pública a partires de Nadal, e que se poderán facer alegacións polo cambio de normativa. No tocante ás axudas ao comercio, explica que sairá o PEL Reactiva, cuns 120.000 € de axudas para autónomos, a pesares de que a situación económica do Concello é delicada. Sobre os pasos de peóns, explica que houbo que cambiar o proxecto polas queixas dos veciños, xa que as placas esvaran, e que por iso decidiuse outra solución, con iluminación cenital, sobre a que os técnicos na materia indicaron que á mellor e máis barata, pois considera que o sistema existente no paso instalado é *"un luxo asiático"*. Opina que a solución probada no Eroski está a funcionar ben e é menos perigosa, e indica que mesmo o fabricante recoñece que as placas son demasiado grandes e esvaradías, polo que están a fabricalas cun tercio de largo. Sobre o arranxo da ponte, explica que a Deputación leva seis meses para valorar o proxecto polo problema da COVID e o teletraballo. Manifesta que, en calquera caso, non están parados, e que, pese a que os tempos son moi difíciles, estase traballando moito, e recollerase o que se está a sementar. Lamenta que parece que o que non está relacionado coa COVID está anulado, mais opina que cando pase a pandemia, o pobo recollerá os froitos.

A señora Vázquez Mouriño (grupo municipal do PsdeG-PSOE) explica que a campaña de comercio se fixo con boa vontade, e que houbo moita xente á que lle gustou. Explica que a caixa de cartón estaba no Concello, e que a campaña se fixo por mover un pouco o comercio. Considera que a concelleira non adscrita tiña que estar agradecida na medida en que beneficiou ao seu posto. Engade que de todo se vai aprendendo, e que tentan facer cousas diferentes, que levan moito tempo e traballo.

A concellira non adscrita indica ao señor Couto que o roteiro da costa da Égoa ten 12 quilómetros, dos que once son por vía pública, na súa opinión. Engade que ela acompañou a xente dende Chamoso, polo Batán ata o pazo das Cadeas, e que ela fala dos 12 quilómetros de roteiro Igrexa-Muíños que fai a xente. Opina que o señor Couto *"non está no rural; está noutra onda"*, e dille que pregunte a *"Manolo do Batán"* canta xente pasa por alí. Reitera que hai sinais tirados e opina que están en camiños públicos e que, se non hai subvencións, os traballos poden facerse con fondos do Concello, coma os que fixo o goberno anterior por importe de 39.000 €. Coida que non poden poñer excusas e que *"é patético"*. Pregúntase como conseguiron que os camiños tivesen os certificados polo técnico, a xurídica e a Secretaría e manifesta que todo está arquivado no Concello, pois ela *"non se levou nada"* e *"deixou as cousas aquí"*. Opina que, mentres, o señor Couto está sentado na súa cadeira, e debería aprender para facer o seu traballo. Considera que, como co PXOM, *"o único que fai é enredar"*, e que *"non chega coa lentitude administrativa do secretario, senón que ademais hai que cambiar todos os proxectos"*. Engade ao señor Couto que *"se lle dixese o que di moita xente del... "*. Considera que non deberían dedicarse a desfacer o que deixaron outros, e, a non ser que se contratase a outro secretario (mais é habilitado nacional), *"non fan máis que enredalo e non dá feito"*. Reitera que non sabe o que está a facer cada concelleir, e que por iso preguntou que medidas se adoptaron para axudar aos que están en ERTE sen cobrar, ou con traballadores despedidos,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

aparte da emerxencia social. Replica á señora Vázquez Mouriño que non diga que é moito traballo, pois lembra que ela repartía 90 caixas. Recoñece que fai o que pode, mais “recrimina a todo o goberno que fixo polo pobo de Carral”, aparte de obrigalos a pedir cita e chamar por teléfono, e considera que sempre “salta a centraliña”, igual que no Centro de Saúde. Considera que os outros concelleiros tamén terán que traballar, e coída que xa dirán que fan, cando traen ao Pleno un só punto.

6.2.-Rogos e preguntas do señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP)

O señor Fernández Mouriño manifesta que está sorprendido do que está escoitando, e pensa que non entenden o que está a dicir a concelleira non adscrita. Manifesta que o señor Couto di que están co inventario de camiños, cando xa en 1996 o señor Ferreiro, na súa opinión, conseguiu todos os terreos dos muiños, e houbo un preito pola zona de policía, e agora aínda din que hai que buscar aos propietarios. Opina que o que queren é borrar todo o anterior, e aproveitar o *impasse* da COVID para dicir despois que resucitaron o pobo. Manifesta que o señor Alcalde nin aiste a reunión por videoconferencia porque di que está en reunións do PXOM. Pregúntase que fai o Alcalde nunha reunión puramente técnica, na que, na súa opinión, terían que estar a xurídica, o arquitecto, ou o señor Couto, mais non el que, na súa opinión, “*non ten puñeteira idea de Urbanismo*”, e que iso lle vale para non aistir a unha reunión sobre a pandemia. Opina tamén que ten “*moi aleccionados*” aos funcionarios para preguntarlle a xente onde van, cando o Concello é a “*casa de todos*” e, na súa opinión, hai “*o mesmo dereito a contaminarse aquí que no Eroski ou nos bares*”. Manifesta as súas dúbidas sobre se as videoconferencias se fan dende Oleiros, e teñan alí a súa sucursal para as reunións con Educación ou Sanidade, en vez de representar aos 6.500 veciños de Carral. Pregunta á concelleira non adscrita se ve iso normal, e ata que punto se pode chegar, pois opina que carral está sendo a sucursal dun Concello que non ten habilitados nacionais, porque non irían a estas horas. Engade que tampouco sabe para que veñen os de Carral, só para aprobar as festas e a conta xeral. Engade que nos decretos “*non viu os reparos*”, e que non sabe se os hai. Manifesta que andan dicindo que o PXOM “*é unha merda*” e lembra que, cando, sendo Alcalde, lle reprocharon por que subirán o soldo 350 € ao actual Alcalde cando traballaba coma auxiliar administrativo, dixo que era para que atendese en perfectas condición saos veciños. Engade que, así, o auxiliar administrativo pasou de cobrar 1.100 a 1.600 € e que, para sacar a contratación o PXOM, veu xente da Universidade e da Deputación para a selección. Engade que se puxo a funcionar a cartografía e que houbo varias modificacións legislativas en 2011 e 2016. Explica que se espuxo a todos os veciños durante dous meses nos locais Sociais e que, como só había unas 450 alegacións, ampliaron o periodo un mes máis [O señor Couto indica que foi a petición do seu grupo]. Engade que pedirá por escrito o convenio que dixo o señor Couto, e que supón que terá o señor Alcalde, pois espera que o señor Couto non aísne convenios sen ter delegación para iso. Prgúntase como pode ser que o señor Alcalde acepte unha cesión de 3,36 m2 do seu irmán coma promotor, e que non se atope ningún convenio co “*señor Carro*”.

O señor Alcalde pídelle que teña respecto, e que non lle falte ao respecto aos empregados municipais, que “*non son ovelas; son persoas*”, que veñen traballar. Reitera que teña “*respecto, educación e sen faltar á xente*”.

O señor Fernández Mouriño considera que os plenos poderían facerse pola mañá, e manifesta que non sabe “*que están facendo aquí os funcionarios*”. Manifesta que saben o que conleva o PXOM, pois ten paralizado o polígono industrial. explica que o 14 de abril de 2019, cando as eleccións xerais, xa estaba para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

expoñerse ao público e “dicían que eran todo cacicadas”. Engade que lle sorprende que andan nos bares e falan mal uns dos outros, e indica que iso xa o viviu con Revilla. Opina que hai que solucionar os problemas e que “a casa está sen varrer”. Engade que el asinou un convenio co Presidente da Deputación por 79.800 € para os pasos de peóns, e que o convenio está asinado así e que non se pode “facer burradas” se non lles gusta como está.

O señor Couto replica que o señor Mouriño sabe o que pasou coa ponte da Brexa.

Ás 21:42 horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval